



(SECRETARÍA)
EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA
PONTEVEDRA

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLO PLENO DESTES CONCELLO O 2 DE FEBREIRO DE 2017

LUGAR: CASA CONSISTORIAL DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA

TIPO DE SESIÓN: ORDINARIA **CONVOCATORIA:** PRIMEIRA

SEÑORES/AS ASISTENTES:

GRUPO P.P.

D. JOSÉ LÓPEZ CAMPOS
Alcalde-Presidente

D. JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN
Concelleiro

D. ALBERTO BLANCO CARRACEDO
Concelleiro

DNA. AMALIA GOLDAR CORA
Concelleira

D. ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS
Concelleiro do PP

D. MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA
Concelleira

D. MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA
Concelleiro

DNA. MARÍA DEL CARMEN DURÁN LEA
Concelleira

D. JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR
Concelleiro

DNA. LUCÍA SEOANE ROSENDE
Concelleira

D. NEMESIO IGNACIO REY PAZOS
Concelleiro

GRUPO PsdeG-PSOE

DNA. BELÉN LOUZAO VIEITES
Concelleira

D. ROMÁN SUÁREZ PORTO
Concelleiro

DNA. M^a MONTSERRAT MACEIRAS VICENTE
Concelleira

D. LUIS RENDO ARAUJO
Concelleiro

D. MANUEL FERNÁNDEZ CERDEIRA
Concelleiro

D. EDUARDO JOSÉ DAVILA RODRÍGUEZ
Concelleiro

GRUPO MÓVETE

DNA. MARÍA DEL MAR BLANCO CASAIS
Concelleira

GRUPO BNG

D. XOSÉ MAGARIÑOS MACEIRAS
Concelleiro

SECRETARIA

DNA. LUCÍA ARTIME ALONSO

INFÓRMATICO

D. MARCOS ANDÚJAR MATO

FALTAN Á SESIÓN

DNA. SILVIA NEIRA IGLESIAS
Concelleira do PSdeG-PSOE

DNA. ANA ASOREY BREA
Concelleira do PSdeG-PSOE

Na Casa do Concello, sendo as vinte horas coarenta minutos do día dous de febreiro de dous mil dezasete, reúnese no Salón de Sesións o Pleno da Corporación Municipal, co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocadada para as vinte horas trinta minutos, constituíndose coa asistencia dos Señores arriba nomeados, dando fe do acto a Secretaria do Concello, Dna. Lucía Artime Alonso.

A sesión celébrase previa convocatoria, dándose publicidade da mesma mediante a inserción dun exemplar da convocatoria e Orde do Día no Taboleiro de Anuncios e páxina web deste Concello.

Declarada aberta a sesión polo Sr. Alcalde-Presidente, dáse comezo á mesma conforme á seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA DO 12 DE XANEIRO 2017. Dada conta da acta corresponde á sesión ordinaria celebrada o 12 de xaneiro, apróbbase por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Antes de pasar ao punto de rogos e preguntas, o **Sr. Alcalde** comunica que existen dous ditamenes adoptados pola Comisión Informativa de Urbanismo no día de hoxe relativos aos cambios de uso das parcelas do Sistema Xeral - dotacional - 1 - Estadio Municipal, co obxecto de posibilitar a construción dunha nova Escola Infantil, e o outro co obxecto de ser cedida ao SERGAS para a construción dun novo Centro de Saúde, outorgándolle a palabra ao Concelleiro delegado de Urbanismo para motivar a urxencia destes dous asuntos para a súa inclusión fóra da Orde do Día desta sesión.

Toma a palabra o Concelleiro delegado de Facenda, **D. Alberto Blanco**, dicindo que, tal como se explicou na Comisión celebrada no día de hoxe (antes desta sesión plenaria), a urxencia da inclusión destes dous puntos fóra da Orde do Día desta sesión ven motivada na necesidade de evitar o incumprimento dos compromisos contraídos coa Xunta de Galicia para a cesión das parcelas do Plan Especial da Baiuca para a construción da nova Escola Infantil e o novo Centro de Saúde. Continúa manifestando que o grupo de goberno considerou non esperar á celebración da próxima sesión plenaria, porque retrasaría a tramitación destes procedementos.

Pide a palabra a voceira do PSdeG-PSOE, **Dna. Belén Louzao**, para reiterar, tal como fixo o seu grupo político na Comisión, a súa disconformidade co xeito de actuar do grupo de goberno á hora de convocar as Comisións Informativas, xa que nos anteriores Plenos as Comisións Informativas preceptivas non se convocaron en tempo e forma e, como consecuencia, reducindo as posibilidades da oposición de acceder á información; exemplo do anterior é esta Comisión, a cal se convoca un cuarto de hora antes da súa celebración e unha hora antes do inicio da sesión plenaria, sobre todo cando se trata duns expedientes que xa se sabían que tiñan que ser tratados e houbo tempo para facelo, ademais de ser advertido pola Secretaría Xeral fai meses e que naceu en agosto de 2015, polo que houbo tempo para convocar a Comisión de forma ordinaria. Polo anterior, non están de acordo coa motivación da urxencia dada polo Concelleiro de Urbanismo, e pon de manifesto que, en signo de protesta e de respecto á democracia, que se dificulta o traballo dos grupos da oposición. Polo anterior, o seu grupo político vai a renunciar á súa intervención no debate destes asuntos, sen embargo non se opón á aprobación dos expedientes, remitíndose aos acordos adoptados inicialmente nas sesións plenarias anteriores.

Intervén a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, manifestando que coincide coa argumentación do grupo socialista no que respecta a que estes asuntos non tiñan que ser tratados nunha Comisión urxente, xa que puideron ser sometidos con anterioridade. Continúa dicindo que entende que pode ser urxente facer os cambios de uso das parcelas, pero non entende a urxencia de facelo en último momento e con tanta premura.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, para insistir que estas non son formas, aínda que non é a única vez que acontece, considerando que é unha falta de previsión por parte do grupo de goberno é unha ausencia total de respecto aos grupos da oposición, xa que estes necesitan o seu tempo para analizar a información que se lle transmite dende o goberno. A parte do anterior, tendo en conta que tamén o goberno non analiza moito a información (xa que parece que anda a correr sempre, mirando os expedientes minutos antes e convocando de prisa e correndo), recrimina ao grupo de goberno a súa maneira de traballar pola democracia.

O **Sr. Alberto Blanco**, ante as intervencións anteriores, manifesta que a oposición non ten razón nos seus argumentos, xa que están a obviar os trámites preceptivos aos ditamenes da Comisión Informativa e aprobación polo Pleno, entre eles o acordo adoptado fai apenas dez días relativo á parcelación, despois do que os departamentos técnico e xurídico, nun tempor récord, preparasen os

expedientes para traelos a esta sesión, polo que non se pode esquecer os diferentes trámites, o resto xa é a maneira de interpretar por cada un.

O **Sr. Alcalde**, respaldando o dito polo Concelleiro D. Alberto Blanco, explica que a parcelación destes terreos foi levado á Xunta de Goberno Local do pasado lúns, sendo o segundo acordo levado a este órgano, xa que o redactor do proxecto do Centro de Saúde solicitou un segundo acordo derivado dunha modificación parcelaria; polo que pide que non se obvие este aspecto e non se considere que se trata dun capricho do grupo de goberno. E, por tratarse duns proxectos moi importantes para á Estrada, non se deben demorar e, por esa razón, decídese traelos o antes posible ao Pleno para continuar de forma dilixente coas súas tramitacións e non demoraros outro mes, sobre todo tendo en conta que se trata dun mero trámite de cambio de uso de dous parcelas que se van a destinar á nova Escola Infantil e ao novo Centro de Saúde. Polo anterior, considera que está perfectamente xustificada a urxencia, aproveitando para dar as grazas aos servizos técnico e xurídico deste Concello polo esforzo feito para resolver estes expedientes en tan curto prazo de tempo. Lembra aos asistentes que se trata dun mero trámite previos a outros que se terán que facer nas próximas semanas para tramitar, finalmente, a cesión formal co fin de comezar as obras para a construción da nova Escola Infantil (xa adxudicada) e, con respecto ao Centro de Saúde, facer o cambio demanial da titularidade a favor do SERGAS quen levará a cabo a adxudicación e construción.

Sometida a urxencia a votación dous dous asuntos, esta é aprobada por maioría (polos votos a favor do PP e as abstencións de PsdeG-PSOE, BNG e MÓVETE), procedendo a debater cada un dos asuntos.

A) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVA AO CAMBIO DE USO DA PARCELA ESTADIO 4 - SEGREGADA (LOTE B) DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DETALLADA DO SISTEMA XERAL - DOTACIONAL - 1 - ESTADIO MUNICIPAL -, CO OBXECTO DE SER CEDIDA AO SERGAS PARA A CONSTRUCIÓN DUN NOVO CENTRO DE SAÚDE.

Sometido o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do cambio de uso da parcela Estadio 4 - segregada (lote B) do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral - dotacional - 1 - Estadio Municipal -, co obxecto de ser cedida ao SERGAS para a construción dun novo centro de saúde.

Visto que, o Concello Pleno, na súa sesión de data 19/08/2015, previos os informes e trámites preceptivos, aprobou definitivamente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral - dotacional - 1 (Estadio Municipal), redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 22/10/2014, así como o seu Anexo de data xaneiro 2015 (Estudo de tráfico e acceso dende a N-640), e o Documento complementario ao nomeado Anexo, de igual autor (do 19/01/2015).

Visto que, aos efectos previstos no art. 92.2 da entón vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, publicáronse os editos preceptivos no B.O.P. de Pontevedra nº 179/2015, do 16 de setembro, e no D.O.G. nº 178/2015, do 17 de setembro; téndose comunicado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 02/10/2015 (RS. núm. 6.039).

Visto que, o indicado Plan Especial estruturou/parcelou o terreo municipal en 4 fincas diferenciadas: Estadio 1 (de 2.548,00 m2), Estadio 2 (de 2.848,44 m2), Estadio 3 (de 2.226,40 m2) e Estadio 4 (de 12.042,16 m2).

Vista a posterior parcelación urbanística aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 23/01/2017, relativa a un lote de 4.262,00 m2 segregado da parcela Estadio 4 do dito Plan Especial, tal e como se xustificou na Memoria asinada polo Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea

Corral), de data xaneiro de 2017. O significado acordo tivo o seguinte teor:

...” Obxecto da parcelación urbanística aprobada:

A finca (de titularidade municipal), ten unha superficie de 12.042,16 m², cos seguintes lindes; Norte, EN-640. Sur; Avda. da Torre. Leste, fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e 2565045NH4226S0000SY; e, SUC de uso Industrial (Lidl). Oeste, finca Estadio 3 (ocupada por un vial municipal).

Esta finca lotéase en 2 de resultado. A saber:

- *lote A ou finca matriz: de 7.780,16 m². Linda: Norte, EN-640 e finca segregada ou lote B. Sur; Avda. da Torre. Leste, fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e 2565045NH4226S0000SY; e, SUC de uso Industrial (Lidl). Oeste, finca Estadio 3 (ocupada por un vial municipal) e finca segregada ou lote B.*
- *lote B ou finca segregada: de 4.262,00 m². Linda: Norte, EN-640. Sur; resto da finca matriz Estadio 4. Leste, resto da finca matriz Estadio 4. Oeste, finca Estadio 3 (ocupada por un vial municipal).*

A Memoria da parcelación urbanística que se aproba xustifica ter por obxecto a cesión ao SERGAS do lote resultante segregado para a construción dun novo centro de saúde, por te-lo así expresamente comprometido o Concello en sede dun convenio interadministrativo”... .

Visto que, por extensión do PXOM e do Plan Especial de referencia, a finca segregada (“lote B”) recibe a cualificación de uso institucional-administrativo.

Visto que, de conformidade co disposto no art. 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e no art. 65.7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e, de acordo co amentado Plan Especial e co mesmo proxecto/memoria de segregación, o Concello en Pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, pode, non obstante, acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Vista a Memoria descriptiva que, para o cambio de uso da parcela Estadio 4-Segregada (“lote B”) xustificou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral) en data 30 de xaneiro de 2017, co obxecto de ser cedida á Xunta de Galicia para a construción dun centro de saúde, de xeito que, o uso inicialmente asignado á nomeada parcela por parte do Plan Especial (“dotacional, institucional-administrativo”) debe mudarse ao de “dotacional, sanitario” co gallo de posibilitar a construción de referencia, atopándose os dous usos sinalados dentro do global dotacional, e sen prexuízo das condicións urbanísticas, que se manterán inalteradas, resultando así de aplicación as recollidas no art. 146 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Visto que, este cambio de uso obedece a evidentes razóns de interese público (construción dun novo centro de saúde).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo, en sesión de data 02/02/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a Memoria que, para o cambio de uso da parcela Estadio 4 - Segregada (“lote B”, de 4.262,00 m²) confeccionou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral) en data 30 de xaneiro de 2017, descriptiva ao tempo que xustificativa do cambio de uso da significada parcela co obxecto de ser cedida á Xunta de Galicia para a construción dun novo centro de saúde.

Segundo.- Cambiar o uso inicialmente asignado á nomeada parcela por parte do Plan Especial (“dotacional, institucional-administrativo”) polo de “dotacional, sanitario” co gallo de posibilitar a

construcción de referencia, atopándose os dous usos sinalados dentro do global dotacional. As condicións urbanísticas manteranse inalteradas, resultando de aplicación as recollidas no art. 146 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Terceiro.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e 2565045NH4226S0000SY.

Cuarto.- Comunicar este acordo á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e 2565045NH4226S0000SY.

Quinto.- Ordear a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia.

Sexto.- Unha vez realizada a publicación antedita, de conformidade co disposto no art. 208.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), solicitándolle, por unha parte, a inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia da presente modificación (realizada en virtude de resolución/acordo municipal con fundamento no art. 42.5 LSG e art. 65.7 RLSG) que afecta ao contido do indicado Plan Especial.

Esta comunicación será acompañada dunha copia autenticada/dilixenciada da seguinte documentación:

- Un exemplar en soporte papel e outro en soporte dixital da Memoria descriptiva aprobada que, para o cambio de uso da parcela Estadio 4-Segregada (“lote B”) confeccionou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral), en data 30 de xaneiro de 2017.
- Certificación do acordo de parcelación urbanística aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 23/01/2017, relativa a un lote de 4.262,00 m2 segregado da parcela Estadio 4 do dito Plan Especial; e, copia autenticada/dilixenciada da Memoria que a fundamentou, asinada polo arquitecto técnico municipal (Sr. Órrea Corra), de data xaneiro de 2017.

E, por outra banda, interesándolle que, tras os trámites preceptivos, remita a este Concello un certificado da inscrición da modificación do nomeado Plan Especial, como condición para que este poda proceder, de ser o caso, á publicación do seu contido no Boletín Oficial da Provincia.

B) DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO RELATIVA AO CAMBIO DE USO DA PARCELA ESTADIO 1 DO PLAN ESPECIAL DE INFRAESTRUTURAS E DOTACIÓNS PARA A MODIFICACIÓN DA ORDENACIÓN DETALLADA DO SISTEMA - XERAL - DOTACIONAL - 1 - ESTADIO MUNICIPAL -, CO OBXECTO DE POSIBILITAR A CONSTRUCCIÓN DUNHA ESCOLA INFANTIL.

Sometido o asunto a votación adóptase, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía relativa á aprobación do cambio de uso da parcela Estadio 1 do Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - 1 - Estadio Municipal -, co obxecto de posibilitar a construción dunha escola infantil.

Visto que, o Concello Pleno, na súa sesión de data 19/08/2015, previos os informes e trámites preceptivos, aprobou definitivamente o Plan Especial de Infraestruturas e Dotacións para a modificación da ordenación detallada do sistema xeral – dotacional - 1 (Estadio Municipal), redactado polo Arquitecto Municipal, D. Manuel Sanmartín Chao, en data 22/10/2014, así como o

seu Anexo de data xaneiro 2015 (Estudo de tráfico e acceso dende a N-640), e o Documento complementario ao nomeado Anexo, de igual autor (do 19/01/2015).

Visto que, aos efectos previstos no art. 92.2 da entón vixente Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, e no art. 70.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Rexime Local, publicáronse os editos preceptivos no B.O.P. de Pontevedra nº 179/2015, do 16 de setembro, e no D.O.G. nº 178/2015, do 17 de setembro; téndose comunicado á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas en data 02/10/2015 (RS núm. 6.039).

Visto que, o indicado Plan Especial estruturou/parcelou o terreo municipal en 4 fincas diferenciadas: Estadio 1 (de 2.548,00 m²), Estadio 2 (de 2.848,44 m²), Estadio 3 (de 2.226,40 m²) e Estadio 4 (de 12.042,16 m²).

Visto que, por extensión do PXOM e do Plan Especial de referencia, a parcela Estadio 1 recibe a cualificación de uso docente.

Visto que, de conformidade co disposto no art. 42.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia e no art. 65.7 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e, de acordo co amentado Plan Especial, o Concello en pleno, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, pode, non obstante, acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipamentos públicos por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Vista a Memoria descriptiva que, para o cambio de uso da parcela Estadio 1 xustificou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral), en data 30 de xaneiro de 2017, co obxecto de posibilitar a construción dunha escola infantil, de xeito que, o uso inicialmente asignado á nomeada parcela por parte do Plan Especial (“dotacional, docente”) debe mudarse ao de “dotacional, asistencial” co gallo de posibilitar a construción de referencia, atopándose os dous usos sinalados dentro do global dotacional, e sen prexuízo das condicións urbanísticas, que se manterán inalteradas, resultando así de aplicación as recollidas no art. 146 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Visto que, este cambio de uso obedece a evidentes razóns de interese público (construción dunha escola infantil).

Visto o Ditame acadado pola Comisión Informativa de Urbanismo en sesión do 02/02/2017.

ACORDAMOS:

Primeiro.- Aprobar a Memoria que, para o cambio de uso da parcela Estadio 1 (2.548,00 m²) confeccionou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral) en data 30 de xaneiro de 2017, descriptiva ao tempo que xustificativa do cambio de uso da significada parcela, co obxecto de posibilitar a construción dunha escola infantil.

Segundo.- Cambiar o uso inicialmente asignado á nomeada parcela por parte do Plan Especial (“dotacional, docente”) polo de “dotacional, asistencial” co gallo de posibilitar a construción de referencia, atopándose os dous usos sinalados dentro do global dotacional. As condicións urbanísticas manteranse inalteradas, resultando de aplicación as recollidas no art. 146 do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Terceiro.- Comunicar este acordo ao Rexistro da Propiedade do Distrito Hipotecario de A Estrada, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e 2565045NH4226S0000SY.

Cuarto.- Comunicar este acordo á Xerencia Territorial do Catastro en Pontevedra, para coñecemento e efectos residenciados nas fincas catastrais núms. 2565011NH4226N0001KX e

Quinto.- Ordear a publicación deste acordo no Diario Oficial de Galicia.

Sexto.- Unha vez realizada a publicación antedita, de conformidade co disposto no art. 208.1 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, aprobatorio do Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, comunicar este acordo á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas (Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo), solicitándolle, por unha parte, a inscrición no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia da presente modificación (realizada en virtude de resolución/acordo municipal con fundamento no art. 42.5 LSG e art. 65.7 RLSG) que afecta ao contido do indicado Plan Especial.

Esta comunicación será acompañada dunha copia autenticada/dilixenciada da seguinte documentación:

- Un exemplar en soporte papel e outro en soporte dixital da Memoria descriptiva aprobada que, para o cambio de uso da parcela Estadio 1 confeccionou o Arquitecto Técnico municipal (Sr. Órrea Corral), en data 30 de xaneiro de 2017.

E, por outra banda, interesándolle que, tralos trámites preceptivos, remita a este Concello un certificado da inscrición da modificación do nomeado Plan Especial, como condición para que este poda proceder, de ser o caso, á publicación do seu contido no Boletín Oficial da Provincia.

C) MOCIÓN DE MÓVETE SOBRE O APOIO DO CONCELLO DA ESTRADA A UNHA MOVILIZACIÓN CONVOCADA POR MARCHAS Á DIGNIDADE EN DEFENSA DAS PENSIÓNS PARA O 25 DE FEBREIRO DE 2017.-

A voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, solicita a palabra para propoñer que se someta fóra da Orde do Día unha moción sobre o apoio a unha mobilización en defensa das pensións que convoca Marchas á Dignidade para o vindeiro 25 de febreiro, xustificando a urxencia na premura de aprobalo nesta sesión, xa que para o vindeiro Pleno xa sería tarde e fóra de lugar.

O **Sr. Alcalde** explica, unha vez máis, que a vontade do grupo de goberno é non entrar a debater cuestións que non teñen que ver directamente coa xestión ordinaria do Concello. Por outra banda, se se lles reprocha que se traia por urxencia expedientes tan importantes como os anteriores que afectan directamente aos servizos esenciais do noso municipio e que son de mero trámite, entón esta moción que xa era coñecida dende fai moito tempo non tiña porque ter se traída por vía de urxencia. Pero reitera que xa se manifestou en varias ocasións que o grupo de goberno non apoiará o debate nin a adopción de acordos que non entren dentro das funcións propias municipais e afecten á xestión ordinaria. Polo que votarán en contra da urxencia desta moción.

A **Sra. Mar Blanco** replica que as pensións afectan a todos os estradenses, considerando que debería de falarse e debaterse se se apoia ou non dita mobilización; polo que respecta á urxencia, se a mobilización se acordou facela esta semana, entón foi imposible elevala á Comisión Informativa, e pola data en que se levará a cabo non é viable sometela á próxima sesión plenaria.

O **Sr. Alcalde** di que o grupo de goberno non vai a votar a favor de ningunha mobilización sobre este tema, ao entender que as pensións non están menos garantidas que fai catro anos, ademais considera que non é un debate deste Pleno polo dito na súa intervención anterior.

Manifesta a **Sra. Mar Blanco** que non se trata de que as pensións estén garantidas ou non, senón que é un tema sobre a perda adquisitiva dos pensionistas.

Recorda o **Sr. Alcalde** que se está a debater a urxencia da moción, e non o fondo da mesma.

Pide a **Sra. Belén Louzao** que se proceda a dar lectura da moción para así decidir se o seu grupo está a favor ou non da urxencia da mesma.

A **voceira de MÓVETE** procede a explicar a súa moción, consistente e dar apoio á mobilización convocada polas Marchas á Dignidade previstas para o vindeiro 25 de febreiro na Coruña, facendo un chamamento aos veciños e veciñas deste concello para participar na mesma. Continúa dicindo que se trata dunha mobilización que quere poñer de manifesto o problema dos pensionistas en canto á perda do seu poder adquisitivo debido á suba do IPC de tan só un 0,25%, que se traduce nunha suba ridícula tendo en conta que as pensións do noso país son baixas, as máis baixas do estado español, porque moitas delas son pensións da agraria, deste xeito unha pensión de 600 euros ten un incremento de 0,75 céntimos de euros.

Interrompe o **Sr. Alcalde** para dicir que xa está claro o fondo da moción para proceder á votación da urxencia da moción, ao mesmo tempo dí que máis importante foi cando se conxelaron as pensións en gobernos anteriores e non houbo marchas pola dignidade por tal motivo. Polo que aclara que se trata dunha cuestión meramente política, entendendo que non é un tema urxente nin necesario nin producente, polo tanto considera que o grupo de goberno non votará a favor da urxencia.

Sometida a urxencia da moción a votación é rexeitada polos votos en contra do PP, a favor do BNG e MÓVETE, e a abstención do PsdeG-PSOE.

2º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Intervén en primeiro lugar a Concelleira **Dna. Belén Louzao**, dicindo que lle gustaría coñecer máis en profundidade o contido da anterior moción, así mesmo que está enterada polos medios de comunicación que a mediados de mes convocarase un Pleno extraordinario, animando á voceira de MÓVETE a presentar novamente a moción para que vaia á respectiva Comisión Informativa e levala en tempo e forma ao Pleno.

Comeza o seu turno de rogos e preguntas, para recordar o que aconteceu no mes de abril e no mes de agosto de 2016 e que volveu a pasar onte a noite novamente, estase a refirir a unha tormenta eléctrica que causou diferentes danos por culpa do mal funcionamento do pararraios, a partires daquel momento o Sr. Alcalde dixo que con 20.000 euros se procedería a arranxalo, sen embargo, á altura das datas que estamos a cúpula e o tellado do Concello seguen sen arranxar, considerando que é unha negligencia o feito de que aínda esté sen repoñer o pararraios correndo o risco de que volva a suceder o xa acontecido. Polo anterior prega que non se demore máis as reparacións necesarias previndo o perigo que poden ocasionar as tormentas moi frecuentes nesta estación. Diríxise ao Sr. Constenla Carbón recordándolle que había prometido contestar por escrito este tema, preguntándolle canto teñen que esperar os estradenses para ver o seu Concello arranxado.

Continúa na súa intervención recordando que nunha sesión plenaria celebrada no mes de decembro se acordou solicitar por escrito á Xunta de Galicia, Subdelegación do Goberno e Comandancia da Garda Civil informes sobre a repercusión no noso concello da fusión dos concellos de Cerdedo e Cotobade e sobre que ía a pasar cos servizos que se prestaban de xeito conxunto aos veciños de Cerdedo e A Estrada, polo anterior pregunta se ditos organismos responderos a ditas solicitudes, se houbo algunha reunión sobre o tema e se hai solución aos problemas que plantexa a dita fusión.

Responde o **Sr. Alcalde** que se tivo unha máis pronta resposta das forzas de seguridade que dos outros organismos; en canto á Xunta, esta trasladounos dúbidas con respecto a esta problemática, non tendo claro o formato da contestación á

pregunta formulada, xa que entende que non hai ningún tipo de cambio no que respecta á estrutura organizativa da planta xudicial do noso concello, polo que cando emita a súa contestación, esta será vacía de contido porque non hai moito que dicir xa que considera que todo sigue igual que antes, xa que o único que aconteceu foi que un concello decidiu fusionarse con outro en exercicio da liberdade de decisión que ten, non tendo o Alcalde da Estrada nada que ver neste asunto, algo que quere que quede claro; a partires de aí aféctanos por ser un concello limítrofe co noso, pero dita afección é mínima, xa que se está a falar dun 5% da poboación do noso partido xudicial, polo tanto a afección é máis simbólica que outra cousa. Continúa dicindo que o Partido Xudicial da Estrada segue exactamente igual que estaba antes da nomeada fusión, cos mesmos servizos e infraestruturas, nin máis forte nin máis débil, antes formado por tres concellos e agora por dous; sen embargo non sabe o que pasará nun futuro sobre o gran debate da posible reforma da planta xudicial da Estrada. Di que o que hai reforzar é un diálogo para atraer a ese novo concello, sendo outra opción que, cando se produza ese debate, que nós nos postulamos para manter o noso partido xudicial. Ante o anterior cré que o posicionamento da Estrada está claro, pero para modificar ou alterar un partido xudicial son necesarios acordos de organismos superiores e se trata dun proceso complexo, polo que non se espera ata dentro de bastantes anos, sendo nese momento cando se terá que loitar polo noso partido xudicial e para que a Estrada sexa a cabeceira do mesmo, pero mentras tanto non podemos facer nada ante unha decisión democrática de dous concellos.

Contestando á outra pregunta formulada pola voceira socialista relativa ao tema das obras na cúpula do Casa do Concello, di que coincide co manifestado pola mesma, xa que se trata dun tema ao que hai que poñer solución, pero di que hai que ter en conta a pouca capacidade inversora do Concello en relación a un orzamento prorrogado e, a pesares de que se está a traballar a marchas forzadas co departamento de Intervención para elaborar o Orzamento deste ano, non se pode acometer ditas obras ata que o novo presuposto esté en vigor. Traslada que xa existen presupostos presentados por varias empresas para acometer os traballos de reparación, tanto do reloxo como da cúpula, así como da instalación do pararraios, aclarando que non se trata dunha inversión de apenas trinta mil euros en total. En definitiva, di que existe recursos para acometer ditas contratacións, pero co presuposto prorrogado non se poden iniciar, pero tan pronto entre en vigor o orzamento deste ano 2017 se farán estas obras o máis pronto posible, e se non se fixo o ano pasado foi porque a finais de ano non existía partida prosupostaria destinada a este gasto.

A **Sra. Belén Louzao** manifesta o seu pesar por haber chegado a este ano deste xeito, pero lle toma a palabra ao Sr. Alcalde no manifestado nas súas explicacións. Noutro orde, solicita que lle sexa trasladada ao resto dos grupos da oposición a resposta dada pola Comandancia da Garda Civil sobre o asunto da fusión dos Concellos de Cerdedo e Cotobade. Aproveita a súa intervención para lamentar a súa oposición conformista, gustándolle máis aquel Alcalde que polo mes de marzo manifestaba que "as fusiones non deben de aproveitarse para utilizar as áreas urbanas en detrimento das rurais, estaremos fracansando como país e perdendo o sentido real da filosofía das fusiones que é crear áreas e servizos e potenciar o rural"; pero hoxe aquí, en vez de manter a súa posición de defensa do rural, se manifesta como conformista. Reitera a súa solicitude de que se lle sexa trasladadas as copias das respostas aos escritos enviados no seu día a diversos organismos e, se non hai resposta por algún deles, se proceda a reiterar ditas peticións.

O **Sr. Alcalde** di que a intervención da Sra. Louzao lle recorda esos últimos discursos de Donald Trump, e que se invada Cerdedo e se tome o seu territorio, pero non é así, hai que afrontar as cousas con coñecemento de causa e non gastar enerxía en cousas imposibles. Continúa dicindo que reitera no dito en tempo pasado con respecto a este tema, que non lle gusta esa fusión, pero agora está explicando a situación actual e non se está posicionando, ademais se trata dun acordo que foi tomado democraticamente por dous concellos e o da Estrada ten que aceptalo e respetalo e, a partires de aí, a fórmula é traballar dunha forma intelixente para que, ante unha próxima reorganización territorial, a Estrada se potencie, sen embargo aclara que o noso partido xudicial, a día de hoxe, non se ve ameazado nin afectado pola fusión, seguindo cos mesmos servizos ata de agora, ademais de cubertos legalmente.

No que se refire ás contestacións aos requirimentos feitos no seu día, o escrito da Garda Civil aínda non chegou, máis ben foi o transmitido polos mandos deste corpo a el mesmo, onde se lle comunicaba que ían a funcionar exactamente igual que como antes da fusión, supón que se lle contestará por escrito e cando sexa así se procederá a dar copia aos grupos da oposición ao mesmo tempo que se dará conta nunha sesión plenaria. En canto a aqueles organismos que non se manifestaron ante os requirimentos, di que a petición foi reiterada.

Inicia o turno de intervencións a voceira de MÓVETE, **Dna. Mar Blanco**, que comeza dicindo que fóra da Orde do Día non se puido debater a moción que presentaba de urxencia, sen embargo no mes de agosto presentou outra relativa á creación dunha tarxeta monedeiro para o Banco de Alimentos e aínda está pendente de sometela a unha Comisión Informativa, polo que solicita que se trate con urxencia.

Así mesmo prega a correcta sinalización do aparcadoiro destinado ás ambulancias no Centro de Saúde, xa que despois dun ano solicitando ditas sinais, foron colocadas erróneamente de maneira que os condutores non a ven.

Tamén solicita que sexa eliminada a fuchanca existente na rúa Castelao, cruce coa Avda. Benito Vigo, así como o pintado do paso de peóns.

Pregunta cales son os pasos que pensa dar o grupo de goberno para actuar en contra das deficiencias da EDAR de Aguións, de feito ten coñecemento polos medios de comunicación que se ten previsto unha reunión con Augas de Galicia, polo que pregunta para cando está prevista esta reunión e cales son as actuacións que se pretenden dar para subsanar ditas deficiencias.

Tamén di que lle gustaría saber si hai informe sobre o último estudo feito en relación co Castro de Aguións.

Resposta o **Sr. Alcalde**, con respecto ao Castro de Aguións, que ten coñecemento que a empresa adxudicataria dos traballos arqueolóxicos ten rematado o proxecto e presentado ante o Ministerio e cré que remitido por este último a Patrimonio a efectos de que emita o correspondente informe, pero non ten coñecemento do contido dese proxecto, pero parece que se atoparon certos restos no trazado da variante, pero agora falta que se establezan as posibles medidas correctoras que fixe Patrimonio, esperando que non se tarde máis de dous meses, segundo o falado co Conselleiro de Cultura.

En relación ao paso de peón da Rúa Castelao, di que é unha das rúas previstas para pavimentar neste ano 2017 unha vez mellore a climatoloxía e, mentres tanto, se ordeará que se repare o fuchanco existente e se repinte o paso de peóns.

No que respecta á EDAR de Aguións, di que está no límite da súa capacidade, tanto na zona hidráulica como da de tratamento de lodos. A zona hidráulica ten unha capacidade aproximada para dez mil usuarios reais, ao igual que a zona de tratamento de lodos, sen embargo o número de usuarios conectados á rede é superior, ao que hai que sumar as malas conexións, todo iso fai que en época de choiva e nas horas puntas de máis actividades provoque que sexa maior a carga entrante que a capacidade da depuradora, provocando eses alivios de lodos sen tratar, encharcamentos e verquidos, situación que ven acontecendo dende fai moitos anos. Di que outra cousa que hai que ter en conta é que esos alivios ían cara a unha central hidráulica que leva aproximadamente parada 6 meses como consecuencia do baixo caudal do río, o que provoca tamén eses estancamentos. Finalmente, di que se está a valorar unha ampliación da EDAR, aspecto que é o que se está a falar con Augas de Galicia.

Por último, no que se refire á sinalización das Ambulancias no Centro de Saúde, di que se solicitará informe á Policía Local para ver se se pode reubicar dita sinalización ou ben colocar algunha outra máis.

Toma a palabra o voceiro do BNG, **D. Xosé Magariños**, dicindo que como neste tempo vai a baixar a luz, entón se pode aforrar para poñer o pararraios. En canto á fusión de Cerdedo e Cotobade, di que non lle vamos a votar a culpa ao Alcalde, pero lle estraña que o Alcalde non culpara ao bipartito, porque habitualmente todo o que pasa neste Concello é culpa deste último.

Continúa manifestando a súa disconformidade coa explicación dada polo Alcalde con respecto á EDAR de Aguións, porque di que non funciona así, xa que nunha depuradora de lodos activos o aliviadeiro atópase antes do sistema de depuración, xa que se se alivia despois é porque o sistema non funciona, xa que nas boas

depuradoras o picos de auga reintrodúcese na mesma unha vez que pasa, pero son picos e non contínuos, polo que recomenda ao Sr. Alcalde que recorra ás hemerotecas para que vexa cal foi a opinión do BNG con respecto a esa depuradora, porque houbo quen se fixo cargo desa obra cando nunca funcionou, non é que agora non funcione, cré recordar que foi moito o diñeiro que costou esa obra e non é de recibo que en 11 anos estea nestas condicións, polo que considera que é un faio no deseño e, polo tanto, a responsabilidade é de quen aceptou ese proxecto.

Entrando no tema de rogos e preguntas, e con respecto ao manifestado no parágrafo anterior, pregunta cal é a administración titular da EDAR.

Contesta o **Sr. Alcalde** que é o Concello o titular da depuradora de Aguíóns, crendo que houbo unha licitación no seu momento e a empresa adxudicataria tivo a xestión durante un tempo (como oferta de mellora) e, rematado ese tempo, licitouse a xestión, adxudicándose a AQUAGEST, actualmente VIAQUA, e dende entón esta última é a que leva dita xestión, pero repite que a titularidade é municipal constándolle ao Concello en torno aos 6.000 euros mensuais.

Continúa o **Sr. Magariños** dicindo que a outra pregunta era sobre o custo de mantemento da EDAR, xa que, segundo información recabada, no ano 2006 foi a adxudicación dese contrato por dous anos, non volvendo a atopar outra licitación posterior, polo que deduce que se están a efectuar prórrogas, considerando que dez anos de prórrogas é excesivo, polo que sería aconsellable tramitar unha nova licitación.

O **Sr. Alcalde** comparte que sería recomendable unha nova licitación, pero o problema de funcionamento existente na actualidade non é achacable á xestión da depuradora, porque o persoal encargado coñece perfectamente o funcionamento e estado da mesma, máis ben é un mal deseño da planta e a falta de capacidade desta, podendo, cunha inversión razoable solucionar este problema, segundo lle comunican vía informe da empresa encargada.

O **Sr. Magariños**, continuando na súa intervención preguntando cal é o obxecto do cartel da "ruta da lamprea" sito na entrada á Alameda, porque calquera persoa non pertencente a este municipio non sabería como chegar a esa ruta, é unha información escasa e confusa, considerando que ese cartel estaría ben se se colocara ao inicio da ruta, de todos xeito solicita que se dirixan á administración competente para que solucionen este sen sentido.

Resposta o **Sr. Alcalde** que a Xunta de Galicia colocou ese cartel antes de que o Concello o autorizara, pensando que o motivo do mesmo pode ser a xustificación dalgunha subvención para promocionar a ruta da lamprea, pero coincide en que non lle ve utilidade ningunha.

Formula a continuación o **Sr. Magariños** varios rogos, o primeiro é que se arranxen os camiños nos montes de Paramá e Calvelo da parroquia de Sto. André de Veá, xa que se atopan nunhas condicións que dificultan o acceso as súas propiedades por parte dos veciños; considerando que é unha obriga moral que o Concello facilite o traballo a aquelas persoas que queiran manter o monte limpo, mediante a creación dun plan de mantemento dos viais nos montes.

O **Sr. Alcalde** di que o seu grupo de goberno é coñecedor dese problema, acudindo a eses lugares problemáticos para intentar arranxalo, de feito acudiuse con maquinaria para retirar o material acumulado no camiño de Paramá, sen embargo o problema real é a auga, xa que se tratan de camiños en pendente e en inverno as choivas causan estragos, polo que invertir alí para que en poucos días volva a estar igual non é a solución, non podendo garantir un mantemento adecuado. Considera, así mesmo, que a única medida sería formigonar eses camiños, índose a unha elevada inversión. Di que se está a estudar cales serían as solucións posibles (por exemplo, drenar as cunetas), de feito, tan pronto remita o mal tempo, se volverá a Paramá e Calvelo, pero ver cales son as posibilidades que hai para arranxar o problema.

O **Sr. Xosé Magariños**, reitera o seu rogo de reparar o Cruceiro de Ouzamerxe. Tamén prega que se restituía o tendido eléctrico na 1ª Travesía da Rúa do Muíño,

porque, con motivo dunha obra, retirouse este e despois se puxeron uns postes provisionais.

Contesta o **Sr. Alcalde** que non sabe si é responsabilidade de Fenosa ou o Concello, en caso de ser a primeira se lle requirirá para que restitúa dito cableado eléctrico.

Por último, o **Sr. Magariños** solicita que se deixe de empregar o termo de GARDERÍA e se use o de ESCOLA INFANTIL en todos aqueles acordos e expedientes onde conste este termo.

O **Sr. Alcalde** está de acordo, ordeando que no Acordo adoptado no punto B dos de fóra da Orde do Día, se sustitúa o término "gardería" polo de "escola infantil" en todos aqueles parágrafos en que se faga referencia á mesma.

ANTES DE FINALIZAR A SESIÓN O **SR. ALCALDE**, DENTRO DO REGULAMENTO DE PARTICIPACIÓN CIUDADÁN, PREGUNTA SE HAI ALGUNHA PERSOA ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE QUE QUEIRA INTERVIR, PREVIA IDENTIFICACIÓN CON DNI.

Intervén **D. JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO MAGARIÑOS (DNI 76861426A)**, dicindo que non entende que non se arranxe a EDAR de Aguións, xa que no barranco de A Pina é onde está sito o caño do verquido, a pesares de que se trata dunha paraxe espectacular, ademais de que o Coto de Ximonde está catalogado como un dos máis importantes de España, tanto en salmón como en lamprea, sen olvidar que no noso Concello se celebra unha festa moi importante como é a Festa do Salmón. Non entende porque se está a culpar da situación a un mal deseño da depuradora cando realmente o Concello si ten a culpa por non actuar de maneira urxente para solucionar o problema, sobre todo tendo en conta de que está afectando a unha zona moi sensible por ser onde desovan os salmóns e a lamprea, tamén por ser obxecto na actualidade de diferentes campañas de potenciación turística (rutas, casas de turismo rural, etc.). En resume, di que se se está vertendo o lixo da Estrada en prexuízo desa zona, considerando que Augas de Galicia non ten responsabilidade neste tema, senón máis ben e responsabilidade co Concello de A Estrada. Finalizando, prega que dende o Concello sexa abordado este tema con seriedade e se adopten medidas urxentes para solucionar o problema e non seguer estragando un río tan preciado para o noso municipio, ou ben que se estuden as posibles solucións e se lles comuniquen aos veciños.

Responde o **Sr. Alcalde** que medidas urxentes xa foron tomadas, ao mellor non foron explicadas de forma suficiente, pero o grupo de goberno dende o primeiro momento tomou consciencia do problema e está a traballar para solucionar dunha maneira eficaz. Aclara que a depuradora sempre funcionou igual e que non é un problema recente, polo que non se trata dunha alerta medioambiental de agora, senón que dende fai tres anos existe esta problemática, o que pasa realmente é que se ao funcionamento incorrecto da depuradora se suma a parada técnica da planta da central hidráulica, o problema é maior e máis grave. En canto a que si o Concello lle pasa a pelota a Augas de Galicia, di que non é certo, en primeiro lugar o Concello non ten capacidade inversora para facer ese tipo de inversións nin capacidade técnica para resolver e, tendo en conta que Augas de Galicia ten entre as súas funcións colaborar cos Concellos para a xestión de depuradoras, se lle solicitou a súa axuda nesta problemática ao abeiro do informe que está a elaborar pola empresa encargada da xestión da devandita depuradora, e espera que todo se resolva a medio prazo. No que se refire a medidas correctoras a curto prazo, o persoal de VIAQUA está a facer labores de limpeza no verquido na zona de A Pina, sen embargo estase a traballar coa empresa adxudicataria para que, mediante inversións derivadas do Fondo de Compensación Ambiental (en torno a 15.000 - 18.000 euros), se poida mellorar o paso entre a zona de decantación, zona de lodos e zona de secado, pero nas outras actuacións máis complexas é necesaria a colaboración de Augas de Galicia. Finalmente sinala que se está a facer un seguimento diario da depuradora, así mesmo di que se irán dando explicacións aos veciños de todas as actuacións que se realicen o se vaian a acometer.

Pide a palabra D. JOSÉ MANUEL BAÑOS MIRANDA (DNI 77459350L) para trasladar o mal estado en que se atopan os camiños do Monte Paramá e Calvelo, solicitando información sobre as posibles solucións que se poder dar para os seus arranxos.

O Sr. Alcalde responde que na próxima semana irase a ver ditos camiños, xunto cos técnicos municipais; de feito, con respecto ao camiño do Monte de Paramá, xa acudiron máquinas para arranxalo, de todas formas se vai a estudar a posibilidade de subministrar ás zonas de maior pendente unha capa de material bastante compactado así como abrindo as cunetas e, deste xeito, solucionar temporalmente o problema, xa que co inverno e as choivas se deteriorará novamente en pouco tempo; outra solución sería formigonar algúns puntos deses camiños, sobre todo as maiores pendentes, pero, en definitiva, di que se trata dun problema cunha solución complexa. Finalmente comunica que se está a estudar a inclusión destes traballos dentro dun proxecto que se está a elaborar para arranxos de camiños no rural e que se estima que se executará a finais da primaveira e principios do verán.

Non habendo máis intervencións por parte dos Concelleiros e do público asistente, levántase a sesión ás vinte e unha horas cincoenta e sete minutos.

A Estrada, 2 de febreiro de 2017
A SECRETARIA,

Asdo.: Lucía Artime Alonso